# BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

*Nº 53-Maio de 2021*

---

## CONTIDO


CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS ........ 1
CURSOS ........ 1
CONVOCATORIAS ........ 2
CONGRESOS ........ 4
INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE ........ 8
RECURSOS SOBRE A COVID-19 ........ 11
AXENDA ........ 13
NOVAS DO DUVI ........ 14
NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (MARZO DE 2021) ........ 15



*Contacto: igualdade@uvigo.gal*

# CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

## CURSOS

### Escola de verán GE Academy coorganizada coa Technological University of Dublin. Plans de igualdade de xénero e o desafío da interseccionalidade. Do 14 ao 18 de xuño de 2021. +Info

### ONU Mulleres Centro de Capacitación +Info

Cursos dispoñibles todo o ano en diferentes modalidades: autoaprendizaxe, moderado, semipresencial, presencial e personalizado.

### Feminicidio.net +Info

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

### StandUP +Info

StandUp é un programa de formación e de concienciación en contra do acoso na rúa, desenvolvido por L'Oréal en colaboración coa ONG Hollaback! E a Fundación Mujeres. Presenta a metodoloxía das 5D, que ofrece as ferramentas para axudar a intervir de forma segura cando se experimentan ou se presencian situacións de acoso en espazos públicos.
Trátase dun obradoiro gratuíto dunha hora de duración, a través do cal se dan a coñecer un conxunto de ferramentas claras, adaptables e probadas por persoas expertas que demostraron reducir a prevalencia do acoso da rúa.
Datas: 24 de abril, 7, 17 ou 28 de maio de 2021.

### Centro de documentación e recursos feministas. Laboratorio de lectura e escritura +Info

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo organiza unha serie de actividades en formato virtual no Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo. Dirixidas ás mulleres, gratuítas e con prazas limitadas (centro.documentacion.feminista@vigo.org):

-Laboratorio de lectura e escritura: obradoiro que consiste na lectura e no comentario de textos literarios escritos por mulleres. As participantes escribirán pequenos relatos para ver e comentar en grupo.
Os xoves, do 6 de maio ao 24 de xuño de 2021, de 18.00 a 20.00 h a través da plataforma Google Meet.

-Curso de edición en Wikipedia II: curso para dotar as mulleres de recursos que as animen a colaborar regularmente na Wikipedia. Os días 5, 12 e 19 de maio de 2021, de 18.00 a 20.00 h a través da plataforma Google Meet.

### «Lo que siempre se quiso saber y preguntar sobre MenEngage Iberia y la Agenda Feminista sobre Hombres y Mujeres» +Info

O Observatorio das Masculinidades da Universidad Miguel Hernández de Elche organiza unha sesión informativa sobre MenEngage Iberia e o seu proxecto Agenda Feminista sobre Hombres y Masculinidades.

29 de abril de 2021, ás 19.00 h en liña a través de Google Meet.

### Cursos da Escola Abolicionista Internacional +Info

«Geoviolencia sexual», un proxecto asociado a Feminicidio.net, ten como obxectivo central poñer en primeiro plano as violencias sexuais na loita pola erradicación das violencias machistas. Nesta liña nace a Escola Abolicionista Internacional, en colaboración

coa Coalición pola Abolición da Prostitución, o Ajuntament de Santa Coloma de Greamenet e Rescue Freedom Internacional, que oferta unha serie de cursos en liña sobre temáticas relacionadas coa pornografía e coa prostitución:

-A orixe da pronografía e a pornificación da cultura.
21 de abril de 2021(gratuíto) +Info

-Pornografía: unha escola de violencia.
Do 21 de abril ao 21 de maio +Info

-Abolicionismo para principiantes.
Do 19 de abril ao 16 de xuño (gratuíto) +Info

## CONVOCATORIAS

**II Premios al Joven Talento Científico Femenino da Fundación Real Academia de Ciencias de España.** +Info

**Seminario web «A igualdade de xénero nos programas europeos». 27 de abril de 2021.** +Info

**Cultura, temas xerais, programa Europa Creativa, programas europeos, Unión Europea, xénero, bolsas Google Women Techmakers.** +Info

**Bolsas Microsoft e NASA.** +Info
Formación de cursos gratuítos sobre Python e *Machine Learning* para aplicalos en tarefas relacionadas con misións espaciais.

**Bolsa Polo Talento Dixital. Fundación ONCE.** +Info

**Convocatoria de axudas para a organización de congresos e de seminarios.** +Info

Financian a organización de congresos, de seminariose doutro tipo de actividades científicas no ámbito dos estudos de xénero.
Órgano: Instituto Universitario de Investigación de Estudos de Xénero, Universitat de Alacant.
Prazos de presentación: 2.ª convocatoria ata o 15 de xuño de 2021.

**«Queres ser astronauta?». A ESA convoca por primeira vez en 11 anos un proceso de selección de novas astronautas. Ministerio de Ciencia e Innovación.** Solicitudes do 31 de marzo ao 28 de maio. +Info

**Convocatoria de proxectos de emprendemento no sector mariño-marítimo Sherpa do Mar.** +Info

**Convocatoria de presentación de traballos para a revista *Asparkía Investigación Feminista*.** +Info

*Asparkía Investigación Feminista* é unha revista publicada semestralmente polo Instituto Universitario de Estudos Feministas e de Xénero.

**Premio no Foco 2021.** +Info

A Deputación de Pontevedra xunto coa Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA) lanza estes premios co obxecto de poñer en valor e de amosar o traballo das profesionais galegas no sector audiovisual para mudar as cifras de infrarrepresentación actuais das mulleres do sector.

Prazo de presentación de candidaturas ata o 30 de abril.

**Premio Mulleres Innovadoras 2021.** +Info

O Consello Europeo de Innovación convoca este premio co obxecto de recoñecer a mulleres europeas que fundaran unha empresa de éxito e levaran as súas innovacións ao mercado.

Prazo de presentación de candidaturas ata o 30 de xuño de 2021.

## Premio Jóvenes Investigadores. +Info

A Real Academia de Enxeñaría co patrocinio da Fundación Pro Rebus Academiae convoca estes premios dirixidos a persoas investigadoras e profesionais menores de 40 anos que realizaran contribucións orixinais e relevantes no ámbito da enxeñaría.

Prazo de presentación de candidaturas ata o 31 de maio.

## V Premio Francisca de Pedraza contra a violencia de xénero 2021. +Info

Dirixido a persoas, colectivos, entidades, medios de comunicación, empresas e institucións que destaquen ou destacaran polo seu compromiso e dedicación á prevención e á erradicación de calquera tipo de violencia contra a muller.

Convocatoria aberta ata o 25 de maio de 2021.

## Premios WONNOW 2021. +Info

Por cuarto ano consecutivo, CaixaBank en colaboración con Microsoft Ibérica lanzan estes premios co fin de impulsar a excelencia das estudantes STEM. Trátase dun premio monetario, dunha bolsa remunerada en CaixaBank e dun programa de mentorado. +Info

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 13 de xuño.

## Premios Talento Mozo Galicia 2021. +Info

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia convoca estes premios, co obxecto de recoñecer e de visibilizar o talento e as capacidades da xuventude galega, por traxectorias excelentes ou por proxectos impulsados e postos en marcha nas modalidades de ciencia, rural, deporte e cultura e creación.

Prazo de inscrición aberto ata o 30 de abril.

## Premios á investigación For Women Science 2021. +Info

O programa For Women Science de L'Oréal-UNESCO convoca estes premios co fin de recoñecer e de apoiar os traballos de investigación de científicas novas en España. Serán concedidos aos cinco mellores proxectos desenvolvidos por científicas españolas en 2021 nunha área das ciencias da vida.

As candidaturas presentaranse polo organismo ou centro de investigación no que traballa a investigadora a través da web oficial do programa ata o 7 de xuño de 2021. +Info

## Recrutamento do Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) +Info

O Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) publica diferentes convocatorias de recrutamento para diversas vacantes. Convocatorias vixentes:

- *Expert Statistics*
- *Expert Gender Mainstreaming*

## Financiamento para proxectos de corresponsabilidade e de coidados +Info

O acordo de colaboración entre o Instituto da Muller e a FEMP para 2020 contará cunha dotación de 300.000 € e diríxese a concellos, a deputacións, a cabildos, a consellos insulares e a agrupacións de municipios.

## Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero e promoción da igualdade da Xunta de Galicia 2021

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. +Info

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. +Info

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. +Info

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. +Info

Subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade. +Info

## Wikipedia: encontros/cuarto propio en Wikipedia/Reto 2021. +Info

## Programación de actividades na Casa das Mulleres: xaneiro-xuño 2021. Actividades formativas da Concellería de Igualdade. Concello de Vigo. +Info

Serie de actividades formativas que organiza a Concellería de Igualdade na Casa das Mulleres:

-Obradoiro de competencias dixitais básicas. Os luns, do 5 de abril ao 14 de xuño, agás o 17 de maio (modalidade presencial).

-Curso de formación en igualdade para o monitorado de animación sociocultural e de ocio e tempo libre. Os días 19, 20 e 21 e 26, 27 e 28 de abril en liña.

-Escola feminista de empoderamento: creando sororidade. Os xoves, do 15 de abril ao 17 de xuño en liña.

## GIRA Mujeres. Itinerario formativo Quiero Emprender +Info

A Fundación Mujeres xunto con Coca Cola, convoca a segunda convocatoria de formación para a quinta edición do proxecto GIRA Mujeres. Este ten por obxecto impulsar o emprendemento para as mulleres mediante un proceso de formación e de acompañamento para a posta en marcha, no seu caso, da idea de negocio.

O itinerario formativo «Quiero emprender» está dirixido a mulleres de entre 18 e 60 anos que ven o emprendemento coma unha alternativa ao emprego por conta allea e teñen unha idea de negocio aínda sen desenvolver. A formación é en liña e gratuíta.

## Programa de mentorado Feminist Leadership in Science. FECYT. +Info

A Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) acaba de poñer en marcha o programa de mentorado Feminist Leadership in Science (FELISE).Este programa, que se desenvolve no marco do proxecto europeo Gearing Roles, pon en contacto investigadoras novas con outras máis sénior para apoiar o seu desenvolvemento profesional e reflexionar conxuntamente sobre os cambios institucionais necesarios para lograr a igualdade de xénero na investigación e no ensino.

## Programa «Descúbre-as». Deputación de Pontevedra. +Info

A Deputación de Pontevedra pon en marcha a través da plataforma «Descúbre-as» un programa de mentorado para visibilizar a todas as mulleres da industria musical. Seleccionaranse oito mozas da provincia de 16 a 26 anos que adquirirán coñecementos da man de profesionais da industria e terán a oportunidade de lanzar a súa carreira musical.

Prazo de presentación de solicitudes 15 días hábiles desde o 26 de marzo. Tramitación a través de +Info

## VII Concurso «Nos duele a todos». +Info

A Fundación Mutua convoca unha nova edición deste concurso dirixido a estudantes de ensino medio e superior, co fin de sensibilizar contra a violencia de xénero.

Presentación de proxectos ata o 16 de maio de 2021.

# CONGRESOS

## I Congreso Internacional de Género y Educación. +Info

Este congreso supón a creación dun espazo de encontro internacional para compartir experiencias e

investigacións dentro de diferentes eidos con perspectiva de xénero e que fomentan a educación en igualdade.

Combínanse actividades en varios formatos: conferencias plenarias maxistrais, obradoiros prácticos, comunicacións procedentes de investigacións e experiencias e unha feira de artesás.

Os días 7, 8 e 9 de xuño de 2021 en liña (4 horas) ou presencial no campus universitario Duques de Soria (30 horas).

Prazo presentación de comunicacións: do 1 de marzo ata o 16 de maio.

Organiza: Universidad de Valladolid co apoio do Concello de Soria e o Ministerio de Igualdade.

## IX Seminario permanente Modernas de Época. Emociones que dieron vida a las mujeres +Info

Nesta edición presentaranse relatorios coa historia das emocións e dos sentimentos vividos polas mulleres e interpretados desde diferentes ciencias como fío condutor. Cada relatorio preséntase gravado e estará dispoñible dende o día indicado só durante un mes.

Prazo de inscrición ata o 4 de abril.

Datas: 5 de marzo, 5 de abril, 5 de maio, 4 de xuño, 6 de setembro, 5 de outubro, 5 de novembro e 3 de decembro. Modalidade en liña.

Organiza: Sede Universitaria Ciudad de Alicante, IUIEG, Asociación Klías de Investigación en Estudios de Género e CEFIRE.

## European Platform of Women Scientists. +Info

Esta plataforma ofrece unha sección mensual con información de eventos de interese para a comunidade de mulleres científicas.

## Exposición virtual eXXperimenta en feminino. +Info

Esta exposición nace co obxectivo de promover a realización de actividades que lle dean visibilidade á muller científica e que impulsen o interese das nenas pola ciencia e a tecnoloxía.

## Exposición «Cultivar incertezas. Reformular o espazo/conmocionar a mirada». +Info

Esta exposición, organizada no Centro Galego de Arte Contemporánea, amosa unha selección de traballos plásticos realizados polo estudantado que pasou pola Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, ao longo da súa historia, co obxecto de revalorizar o papel da institución na arte galego.

A exposición permanecerá aberta ata o 23 de maio de 2021.

## XI Congreso Europeo de Igualdade de Xénero na Educación Superior. +Info

Os ministerios de Ciencia e Innovación e de Universidades, en colaboración coa Universidade Politécnica de Madrid e o apoio da Rede Europea de GEHE, organizan este congreso dirixido ao persoal investigador, profesorado, persoal administrativo, político, practicantes e estudantes.

O evento terá lugar en liña do 15 ao 17 de setembro de 2021.

## I Congreso internacional tecnologías I+D+i para la igualdad: soluciones, perspectivas y retos +Info

O Instituto Universitario de Estudos en Xénero, co apoio do Instituto das Mulleres, organiza este congreso en liña os días 21 e 22 de abril no marco do proxecto EMPATÍA-CM. Trataranse cuestións relativas aos sesgos en termos de xénero, sexo, traballo, clase, etnia, (dis)capacidade observadas nas tecnoloxías dixitais e na intelixencia artificial.

Os resumos poden enviarse ata o 5 de abril. +Info

## Congreso Internacional «Las Puertas de mi reino». Escrituras del cuerpo en las poetas españolas contemporáneas (1900-1968) +Info

A Universitat de Alacant enmarca este congreso na poesía española contemporánea escrita por mulleres entre 11900 e 1968, e propón un espazo de encontro e diálogo entre todas aquelas liñas de investigación que se están desenvolvendo na actualidade neste eido de estudo.

O congreso terá lugar os días 20, 21 e 22 de outubro de 2021 en modalidade dual: na Universitat de Alacant e en liña.

Ata o 1 de xuño permanecerá aberto o prazo para o envío de comunicacións por correo electrónico a laspuertasdemireino@gmail.com

## I Congreso internacional sobre identidades, inclusión y desigualdad. Diálogos pluridisciplinares +Info

O Seminario Permanente, Familias y Redes Sociales en colaboración co Instituto Panamericano de Geografía e Historia e Egregius, convidan a participar neste primeiro congreso que pretende poñer unha mirada crítica e construtiva sobre a problemática da construción de identidades, tomando como punto de partida Iberoamérica, pero transcendendo fronteiras tanto temporais como espaciais. Desenvolverase segundo a modalidade virtual e en diferido os días 21 e 22 de maio de 2021.

Prazo de inscricións ata o 3 de maio.

Prazo de envío de resumos: ata o 3 de maio. Prazo de envío de textos finais para publicar: do 22 de maio ao 5 de xuño.

## XVI Diálogo Maxistral. Tocar o teu sentir: a fonte viva da liberdade feminina +Info

Organiza Duoda, Centro de Investigación de Mulleres da Universitat de Barcelona.

Terá lugar o 7 de maio de 2021 en liña (sen inscrición).

## XXXII Seminario Público Internacional. Nai sin coito de corpos e de conceptos +Info

Organiza Duoda, Centro de Investigación de Mulleres da Universitat de Barcelona.

Terá lugar o 8 de maio de 2021 en liña (sen inscrición).

## InterUNIgualES +Info

Xornadas internacionais que propoñen tratar o reto da implementación das políticas de igualdade no contexto universitario, coa participación de conferenciantes nacionais e internacionais de recoñecido prestixio no eido das políticas de igualdade nas universidades. Acción financiada polo Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, coa colaboración dos ministerios de Igualdade e de Ciencia e Innovación, co fin de presentar os resultados do proxecto de investigación UNIGUAL sobre as políticas de igualdade nas universidades españolas.

Terá lugar os días 19 e 20 de maio de 2021 en liña.

## Women in Science at Nencki +Info

Evento internacional sobre igualdade e inclusividade na ciencia organizado por Mulleres na Ciencia, do Instituto de Bioloxía Experimental Marceli Nencki, en colaboración con ALBA Network. Contará coa participación da profesora de neurociencia Carmen Sandi.

Terá lugar o 20 de abril de 2021 ás 13:00h en liña a través da plataforma Zoom.

## Congreso «Pensar el Feminismo. Una mirada global» +Info

A asociación de Clásicas y Modernas, coa colaboración do Concello de Valencia e a Generalitat Valenciana, organiza este congreso enmarcado dentro das accións de «Bibliotecas en igualdade». Ten por finalidade achegarse aos retos implicados por un feminismo global, reunindo teóricas e activistas de renome nas súas respectivas áreas. Ostenta unha

vertente internacional, española e centrada en América Latina e no mundo árabe-mediterráneo.

Do día 14 ao 16 de maio de 2021 en liña. Cómpre inscribirse. +Info

## VII Xornada Universitaria Galega en Xénero. Desigualdades de xénero en tempos da covid +Info

As oficinas de igualdade das universidades galegas colaboran neste encontro de reflexión para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero. Esta sétima edición céntrase en visibilizar o impacto da actual crise sanitaria, social e económica nos ámbitos da violencia de xénero e da traxectoria investigadora das mulleres, así como a importancia da aposta por unha docencia universitaria con perspectiva de xénero.

Organización: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña en colaboración coa Xunta de Galicia e co Ministerio de Igualdade.

Terá lugar os días 10 e 11 de xuño en liña.

Prazo de presentación de comunicacións ata o 30 de abril.

## XIV Encontro RUIGEU +Info

A Universidad de Murcia encárgase do XIV Encontro da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria 2021. Ten por obxecto analizar e compartir estratexias de política universitaria en materia de igualade entre mulleres e homes e as perspectivas de futuro.

Terá lugar os días 4, 5 e 6 de maio de 2021 en liña.

## VI Congreso Internacional de Jóvenes Investigadorxs con Perspectiva de Género. +Info

Envío de resumos ata 15 de maio.

# INFORMES, ESTUDOS E ARTIGOS DE INTERESE

## Colección de once guías docentes con perspectiva de xénero traducidas ao galego. +Info

Colección de once guías temáticas promovida e editada orixinalmente en catalán pola Xarxa Vives d'Universitats e trasladada á lingua galega. As temáticas das guías son as seguintes: ciencias da computación; dereito e criminoloxía; educación e pedagoxía; filoloxía e lingüística; filosofía; física; historia; historia da arte; medicina; psicoloxía e socioloxía, economía e ciencia política.

## O Consello de Ministros aproba o Plan Corresponsables con 190 millóns de euros para a conciliación das familias. +Info

## Europe fit for the Digital Age: Commission proposes new rules and actions for excellence and trust in Artificial Intelligence. +Info

## Guía de política exterior feminista. Ministerio de Asuntos Exteriores +Info

O Ministerio de Asuntos Exteriores presenta unha Guía de política exterior feminista co fin de contribuír coa súa política exterior a avanzar de cara á igualdade real e efectiva no plano internacional.

## Estudo «La situación de la violencia contra las mujeres en la adolescencia en España». +Info

Os ministerios de Educación e Formación Profesional e de Igualdade presentan este estudo que reflicte o incremento da violencia sexual sobre as mozas adolescentes. O obxecto do traballo é coñecer a situación actual de violencia contra as mulleres na adolescencia en España, así como as condicións de risco e de protección fronte á dita violencia e a evolución detectada ao comparar os resultados obtidos en 2020 cos dos estudos anteriores.

## Declaración da directora executiva de ONU Mulleres, Phumzile Mlambo-Ngcuka, sobre o Día Internacional da Muller 2021 +Info

## The State of Women in Thech 2020 +Info

## Artigo «¿Por qué es importante que haya más mujeres astronautas». +Info

## Informe de las condiciones de vida y trabajo en el desarrollo de videojuegos en España +Info

Estudo realizado por Game Workers Unite para analizar a discriminación e o acoso no ambiente laboral na industria do videoxogo, sobre a base dos resultados dunha enquisa realizada en xuño de 2020.

## Estudo «El emprendimiento digital femenino en España: situación y prospección». +Info

Estudo realizado polo Instituto da Muller coa colaboración da Real Academia de Enxeñaría, Ontsi, Red.es e o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. O obxecto do traballo é analizar o emprendemento tecnolóxico das mulleres, polo que busca ilustrar o estado no que se atopa en España tratando de coñecer as características sociodemográficas e económico-financeiras das mulleres, as súas motivacións para o emprendemento e as principais barreiras e os retos aos que se enfrontan.

## «Estudio sobre la situación de las jóvenes investigadoras en España». +Info

Estudo realizado polo Observatorio Mulleres, Ciencia e Innovación (OMCI) adscrito ao Ministerio de Ciencia e Innovación. O seu obxectivo xeral é coñecer a situación das mozas investigadoras en España nos sectores público e privado, a partir da identificación das situacións de desigualdade de xénero e dos eidos nos que se producen, afondando nas causas e nos factores que expliquen as

devanditas desigualdades, así como do coñecemento da percepción e da opinión de investigadoras e investigadores mozos, con respecto a estas situacións de desigualdade detectadas. A partir de todo isto, realiza recomendacións que sirvan de base para deseñar políticas públicas que permitan tratalas, previlas e eliminalas.

**Informe «Fenda Global de Xénero 2020». Fondo Monetario Internacional. +Info**

**Campaña «Sexismo. Detéctao. Ponlle nome. Párao". Instituto da Muller. Consello de Europa (CE). +Info**

·Vídeo de promoción. +Info
·Páxina de acción. +Info
·Test «Es sexista? Fai o test e compróbao!».+Info

**Informe «La sexualización de las niñas en la publicidad». Instituto da Muller. +Info**

**Estudo «Mujeres víctimas de violencia de género en el mundo rural» FADEMUR. Ministerio de Igualdade. +Info**

**Estudo «Menores y violencia de género». Instituto da Muller. 2020. +Info**

**Macroenquisa de violencia contra a muller con datos recollidos durante o ano 2019. Ministerio de Igualdade .+Info.**

**Incorporating intersectional gender analysis into research on infectious diseases of poverty: A toolkit for healthresearchers. +Info**

**Informe «As mulleres nas ciencias, na tecnoloxía, na enxeñaría e nas matemáticas (STEM) en América Latina e no Caribe». ONU. +Info**

**Intersectionality: A Critical Framework for STEM Equitya +Info**

**A 25 años de Beijing: os dereitos das mulleres baixo a lupa. ONU Mulleres. +Info**

**Informe «Mujeres y digitalización: de las brechas a los algoritmos». Instituto de la Mujer. +Info**

**Estudo «Esterotipos, roles y relaciones de género en series de TV de producción nacional». Instituto da Muller. +Info**

**The Child Penalty in Spain. +Info**

Informe con datos sobre canto penaliza a maternidade á muller que traballa no noso país. Os ingresos laborais das mulleres caen un 28 % cando ten fillas/os. Polo contrario, os ingresos dos homes non se ven afectados pola paternidade e incluso melloran co paso do tempo. Banco de España, 2020.

**Standing Working Group on Gender in Research and Innovation. +Info**

Consello de Europa. UE. 2020

**«Quero ser investigadora». Unha guía para fomentar que o alumnado de secundaria coñeza referentes femininos da Universidade de Vigo +Info**

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo presentou a publicación «Quero ser investigadora». Son dez pequenas historias, ao xeito dun conto, a través das que se difunden a experiencia e as vivencias de dez científicas que apostaron por facer o que lles gusta e por colaborar no avance da sociedade traballando desde a Universidade de Vigo.

## Women in Science 2020. Nacións Unidas. UNESCO Institute for Statistics (UIS). +Info

## Mulleres na política 2021. ONU Mulleres. +Info

Mapa creado pola Unión Interparlamentaria (UIP) e a UN Women, que presenta a clasificación global de mulleres en posicións executivas, de goberno e parlamentarias.

## Científicas en Cifras 2021. Ministerio de Ciencia e Innovación. +Info

Sexto informe de Científicas en Cifras, dunha serie que comezou a Unidade de Mulleres e Ciencia, publicado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Analiza a presenza das mulleres nos distintos ámbitos e niveis da ciencia en España, con especial atención á carreira investigadora en Organismos Públicos de Investigación (OPI) e universidades.

## Mulleres e dixitalización. Das fendas dixitais aos algoritmos. +Info

Instituto de la Mujer e Observatorio Nacional de Telecomunicaciones y Sociedad de la Información (ONTSI), de Red.es.

## As mulleres na economía dixital en España. Traxectorias inspiradoras. +Info

Instituto da Muller e Observatorio Nacional de Telecomunicacións e Sociedade da Información (ONTSI), de Red.es.

## Observatorio Igualdade Emprego +Info

No Observatorio Igualdade Emprego poderás consultar estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero entre mulleres e homes no mercado laboral e no emprendemento.

## Boletín estatístico mensual sobre violencia de xénero +Info

A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero publica información estatística mensual sobre vítimas mortais, sistema VioGén ou chamadas ao 016.

## Centro de Documentación e de Recursos Feministas (CDRF) +Info

Presentación de libros, faladoiros, espazo de traballo permanente *wikimulleres*, clube de lectura, laboratorio de lectura, cursos, actividades e consulta de libros e préstamo de libros baixo demanda. Teléfono 986 436 441 e por correo electrónico: centro.documentación.feminista@vigo.org

## Opinións e actitudes dos homes da comunidade universitaria ante as violencias contra as mulleres. +Info

Estudo realizado pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

# RECURSOS SOBRE A COVID-19

### How the pandemic is forcing women out of the workforce, explained in a comic +Info

### Enquisa sobre o impacto do confinamento no persoal investigador. Unidade de Mulleres e Ciencia. Ministerio de Ciencia e Innovación. +Info

### Estudo «The Missing Perspectives of Women in COVID-19 News». Fundación Bill e Melinda Gates. +Info

### Guía para Europa: protexer os dereitos das mulleres e das nenas durante a pandemia da covid-19 e as súas secuelas (en inglés). +Info

Autoría/Edición: Amnistía Internacional, Women's Link Worldwide e Federación Internacional de Planificación da Familia

### Teletraballo e conciliación corresponsable en tempos de covid-19. Unha guía de boas prácticas para as universidades +Info

Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria (RUIGEU), xuño 2020.

### Coidados en América Latina e o Caribe en tempos de covid-19. Cara a sistemas integrais para fornecer a resposta e a recuperación. +Info

### Xénero e ciencia fronte ao coronavirus +Info

A Unidade de Mulleres e Ciencia analiza o impacto dacovid-19 na igualdade de xénero na I+D+i e presenta un conxunto de recomendacións para ter en conta na toma de futuras decisións desde unha perspectiva de xénero.

### Covid-19 e os dereitos das mulleres vítimas/superviventes de violencia de xénero. +Info

Autoría/Edición: Concello de Sevilla

### A perspectiva de xénero, esencial na resposta á covid-19 . Instituto da Muller. +Info

Nesta tripla dimensión da pandemia, sanitaria, social e económica, faise necesario coñecer o alcance do impacto de xénero producido e incorporalo na resposta dunha crise que, polas súas propias características, afecta de maneira diferente a mulleres e homes.

### Guía de actuación para mulleres que sofren violencia de xénero en situación de permanencia domiciliaria derivada do estado de alarma pola covid-19. +Info

A violencia de xénero non é un problema privado, é unha violación de dereitos humanos que incumbe a toda a sociedade, especialmente aos poderes públicos.

### A perspectiva de xénero nas investigacións sobre a covid-19.+Info

Neste momento histórico que está a atravesar toda a humanidade debido á pandemia orixinada polo coronavirus é imprescindible incluír a perspectiva de

xénero nos estudos científicos relacionados co impacto da covid-19 na nosa sociedade.

## «A Universidade responde» especial coronavirus +Info

Iniciativa que ofrece diferentes visións de aspectos relacionados coa crise da covid-19 desde o ámbito socioeconómico, psicolóxico ou sociolóxico.

## Covid-19 crise desde unha perspectiva feminista: resumo de diferentes artigos publicados +Info

Selección das diferentes perspectivas e información feministas.

## Os efectos da covid-19 sobre as mulleres e as nenas +Info

Unha análise das diferentes desigualdades estruturais en todos os ámbitos, sexa o económico, o sanitario ou a seguridade e a protección social causados pola covid-19.

## Xénero e investigación científica na Universidade de Vigo en tempos de covid-19 +Info

Investigación posta en marcha pola Unidade de Igualdade para analizar a fenda científica e a fenda de coidados no marco da covid-19 así como o seu impacto no ámbito profesional, persoal e emocional no persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

## Aviso da Concellería de Igualdade de Vigo +Info

Nas páxinas webs do Concello, na web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org), nas redes sociais IgualdadeVigo, o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller segue operativo a través do teléfono 24 horas 986 293 963 ou por correo electrónico info.muller@vigo.org. As mulleres vítimas de violencia de xénero están a recibir asesoramento xurídico, apoio social (trámites de axudas económicas, canguros...) e atención psicolóxica ademais da xestión dun recurso alternativo de acollemento en caso necesario.

## Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos. +Info

Rúa de Oliva, núm. 12. 36202 Vigo. Teléfono: 986 222 328. Teléfono de atención ás vítimas: 606 929 137. Trátase dun grupo de mulleres veciñais de Vigo que teñen como actividade principal prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas dos malos tratos.

# AXENDA

## Mes de maio:

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |

17 de maio de 2021: Día Internacional contra a Homolesbobitransfobia
25 de maio de 2021: Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme
28 de maio de 2021: Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres

## NOVAS DO DUVI

A UVigo acolle desde mañá o congreso Students, Women in engineering & Young Professionals +Info

As nenas gustan menos das matemáticas, pero perciben mellor as súas aplicacións +Info

Unha mostra e cinco fotografías sobre as identidades de xénero máis disidentes +Info

En España a mediación familiar non conseguiu desenvolver a potencialidade que se lle auguraba +Info

Cine e documentais para dar visibilidade á presenza da muller nos ámbitos STEAM +Info

Vigo convértese na primeira universidade de España en recoñecer cun distintivo as escolas e facultades máis igualitarias +Info

Unha xornada amosará como traballar con música, teatro e creación visual para educar en igualdade +Info

«Sen Moldes» completa o seu percorrido retornando a Belas Artes +Info

AtlanTTic celebra o Día Internacional das Nenas nas TIC cun certamen de fotografía e vídeo +Info

# NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (Marzo de 2021)

## Biblioteca de Belas Artes

Elena Blasco: [exposición], Espacio Caja de Burgos, do 8 de novembro ao 22 de decembro de 2001. Blasco, Elena. Burgos: Espacio Caja de Burgos, [1992] BUV Belas Artes. Depósito: BEL FA.05 BLA, E 1

La madre de todas las preguntas. Solnit, Rebecca, 1961- autor. Madrid: Capitan Swing, [2021]BUV Belas Artes. BEL I SOL, R

La pasión según Carol Rama: [exposición]. Rama, Carol, 1918-. Barcelona: Museu d'Art Contemporani de Barcelona, [2014]. BUV Belas Artes. BEL A.05 RAM, C 1

## Biblioteca de Pontevedra

Emilia Pardo Bazán y la moda. Rodríguez Garabatos, Blanca Paula. A Coruña: Hércules de Ediciones, [2021] BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 869.09 RODR, B

Xela Arias: palabra á intemperie. Pedreira Lombardía, Emma, 1978-A Coruña: Baía, 2021 DISPOÑIBLE. PREST. NORMAL BUV Bca Campus Pontevedra. BUV Bca Campus Ourense. OUR 821.134.4 /381

## Biblioteca de Ourense

El baile de la vida en las mujeres: un recorrido por nuestras etapas vitales al natural. Salvia Ribera, Anna Artaza (Navarra): La Fertilidad de la Tierra, [2018] BUV Bca Campus Ourense. OUR 396 /701

Gender, sexuality, and museums: a Routledge reader. New York: a Routledge reader, cop. 2010.BUV Bca Campus Ourense. OUR 7 /126

History of social work in Europe (1900-1960): female pioneers and their influence on the developmen. Opladen: Leske + Budrich, 2003.BUV Bca Campus Ourense. OUR 364 /200

A pintora libertaria. Carballude Blanco, Xosé, 1956-Vigo: Galaxia, D.L. 2021BUV Bca Campus Ourense. OUR N 821.134.4 /580

Stanley y las mujeres. Amis, Kingsley, 1922-1995.Madrid: Impedimenta, 2017.BUV Bca Campus Ourense. OUR N 821.134.2 /176

Xela Arias : palabra á intemperie.Pedreira Lombardía, Emma, 1978-A Coruña : Baía, 2021 BUV

Filoloxía/Tradución FFT 869.9.09 PED xel DISPOÑIBLE PREST. NORMAL BUV Bca Campus Ourense OUR 821.134.4 /381

## Biblioteca Central

Ancient Rome and the construction of modern homosexual identities. Oxford: Oxford University Press, 2015.BUV Central. CEN 931 ANC rom

## Biblioteca de Ciencias

Marie Curie. Dry, Sarah. Barcelona: Plataforma Editorial, 2021.BUV Ciencias. CIE 5 DRY cur

## Biblioteca de Filoloxía e Tradución

As bruxas. Dahl, Roald, 1916-1990.Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2012BUV Filoloxía/Tradución. FFT 869.9=03 DAH wit

Emilia Pardo Bazán: unha mente poderosa. Canosa, María. A Coruña: Bululú, 2021BUV Filoloxía/Tradución. FFT 860.09 CAN emi

Figuras del bien y del mal: la construcción cultural de la masculinidad y de la feminidad en el tea.Coloquio Anglogermano sobre Calderón (17º : 2014 : Münster), autor. Vigo: Editorial Academia del Hispanismo, 2017.BUV Filoloxía/Tradución.FFT 860.09 COL fig

Identidad autorial femenina y comunicación epistolar. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia, octubre de 2018. BUV Filoloxía/Tradución. FFT 860.09 IDE aut

Nueva correspondencia: (1955-1972). Pizarnik, Alejandra, 1936-1972, autor. Barcelona: Lumen, octubre de 2020.BUV Filoloxía/Tradución. FFT 860(7/8) PIZ nue

The queen's gambit. Tevis, Walter, 1928-1984, autor. London: Weidenfeld & Nicolson, 2016.BUV Filoloxía/Tradución. FFT 820(73) TEV que

Women and exile in contemporary Irish fiction.McWilliams, Ellen, autor. New York: Palgrave Macmillan, 2013. BUV Filoloxía/Tradución. FFT 820.09 MCW wom

Xela Arias: palabra á intemperie. Pedreira Lombardía, Emma, 1978-A Coruña: Baía, 2021 BUV Filoloxía/Tradución FFT 869.9.09 PED xel

## Libros electrónicos

Gender Hurts: el género daña. Jeffreys, Sheila. Labrys, 2021

Brecha de género y universidad: dos realidades que se retroalimentan. Acale Sánchez, María.

Bomarzo, 2021.book jacket

Una cuestión de género : Ruth Bader Ginsburg o la lucha por la igualdad.Rodríguez Álvarez, Ana.Valencia : Tirant lo Blanch, 2021BUV Bca Campus Ourense OUR 34 /44 DISPOÑIBLE PREST. NORMAL.book jacket

Violencia y ciberviolencia de género. García Collantes, Angel. Valencia: Tirant lo Blanch, 2021.BUV Bca Campus Ourense.OUR 396 /703. DISPOÑIBLE PREST. NORMAL book jacket

La mujer del retrato: Concepción Arenal, vida posible de una niña pelirroja. Rodríguez, Mónica, 1969-Madrid: Nórdica Libros, 2021.BUV Central. CEN 929 ROD muj

Mujeres de la Hispania romana: una mirada al patrimonio. Madrid: Dykinson, 2021BUV Central CEN 396 VAL muj DISPOÑIBLE PREST. NORMAL book jacket

No es lugar para mujeres: la historia de las doctoras que dirigieron el hospital más extraordinario. Moore, Wendy, 1952- autor. Barcelona: Crítica, febrero de 2021.book jacket
Deconstruir mitos y prejuicios para interpretar a mujeres migrantes en contextos de violencia de gén. Marey Castro, Cristina. 2020

La isla de las mujeres del mar. See, Lisa, autor. Barcelona : Salamandra, 2020.BUV Bca Campus Ourense OUR N 821.134.2 /1223. DISPOÑIBLE PREST. NORMAL.book jacket

Tres mujeres. Taddeo, Lisa, autor. Barcelona: Principal, febrero de 2020. BUV Central
CEN 820-3 TAD tre. DISPOÑIBLE.PREST. NORMAL. book jacket

Mujeres brújula en un bosque de retos : ideas para superar la adversidad.Sánchez Serrano, Isabel.Barcelona : Espasa, [2020].BUV Bca Campus Pontevedra BCP 23 SANC,I DISPOÑIBLE PREST. NORMAL. book jacket

Las mujeres en la pesca a la luz de los objetivos de desarrollo sostenible y los convenios internaci. Bürgin, Annina Cristina.2020

Mujeres invisibles para la medicina: desvelando nuestra salud.Valls-Llobet, Carme. Madrid : Capitán Swing, D.L. 2020.BUV Filoloxía/Tradución.FFT 396 VAL muj DISPOÑIBLE PREST. NORMAL.book jacket

Mujeres poderosas: que te inspiran para plantarle cara a la vida. Durá, Marga Barcelona: Grijalbo, 2019.BUV Bca Campus Ourense OUR T/N(C)358 DISPOÑIBLE PREST. NORMAL. book jacket